“Amar a mar: Mariñas, Marosas e Maruxainas” parte do 50 aniversario do Museo Provincial do Mar, un dos catro museos que integran a Rede Museística Provincial xunto co Museo Provincial de Lugo, San Paio de Narla e o Pazo de Tor.

Esta exposición, produto dun traballo de comunidade, feito en rede cos concellos da Mariña, o tecido asociativo e o eido educativo, é unha ollada da Mariña Lucense, desde a costa ao interior, vista polas súas xentes e cunha especial homenaxe ás súas mulleres

A mostra divídese nas seguintes zonas:

1. Mariñas, Marosas e Maruxainas

Espazo de visibilización e recoñecemento ás mulleres da Mariña. Poñémoslles cara e dámoslles voz ás invisíbeis e ás historias non contadas daquelas que sostiveron as nosas vidas.

Lugar: Refectorio
Dispoñible a partir do 16/11/2020

2. Derivas:

Mostra Fotográfica de Ignacio Castro “Nachok”. Un retrato sensorial da Mariña, desde os pensamentos e sentimentos que a mar provoca nas vidas daqueles que o habitan e habitaron.

Lugar: Sala Multiusos
Dispoñible a partir do 19/11/2020

3. Medio mariño

Representación da biodiversidade mariña, máis alá dos peixes, principalmente a través dunha colección de malacoloxía e algas.

Lugar: 1º Andar. Corredor a carón da Sala 24
Dispoñible a partir do 19/11/2020

4. Amar a mar

O Museo Provincial do Mar de San Cibrao pon rumbo terra dentro e chega á capital da provincia para mostrarnos os segredos da mar.

Lugar: Sala de Exposicións
Dispoñible a partir do 26/11/2020

5. A mariña sálvase loitando

É o berro dos traballadores e traballadoras de Alcoa, a voz dunha comunidade en pé, loitando polo seu futuro. Por iso este será un espazo colaborativo destinado a accións co tecido asociativo e a comunidade educativa da Mariña. Conta coa participación do IES San Rosendo de Mondoñedo, co seu proxecto “Amar o mar”. A partir dun obradoiro de fotografía impartido por Gabriel Tizón, o alumnado retratará ás mulleres das súas vidas, verdadeiras protagonistas da nosa intrahistoria.

Lugar: Corredor lateral á Sala de Exposicións
Dispoñible a partir do 30/11/2020



AMAR A MAR

Mariñas, Marosas e Maruxainas

O logotipo da marca “Amar a mar” defende a identidade da Mariña lucense e pon en valor a muller do mar a través dunha figura feminina, de creación propia, baseada nas figuras femininas de Maruja Mallo e de Sargadelos, ambos selos recoñecidos da Mariña Lucense.

A tipografía, inspirada en inscricións antigas de pedra, é unha interpretación contemporánea da Gallaecia, que se vincula á da fábrica de Sargadelos e que nos conecta coa identidade e a memoria histórica.

Tomando o mar como referencia xeográfica e vivencial utilízase a cor azul, que nos dirixe tamén cara o azul do ceo da mariña interior, e que axuda a captar a diversidade da comarca e das súas xentes.

MAR E MULLER

A HISTORIA DO OFICIO DO MAR EN FEMININO (S. XIX-XX)

Aínda que non tivo o seu recoñecemento público, a participación feminina nas actividades marítimas foi incuestionable.

Como eran as familias de mariñeiros do s. XIX e XX?

Adoitaban ter moitos fillos porque cantos máis houbese, máis peixe e cartos entraban no núcleo familiar. Se os fillos eran varóns, pasaban a maior parte do tempo no peirao, afacéndose á vida que os agardaba. Para as nenas reservábase a aprendizaxe da costura ou coser as redes.

A vida laboral da muller da mariña

O papel da muller de mariñeiro estivo vinculado tradicionalmente ao coidado da casa, da facenda e dos fillos mentres que o marido ía ao mar. Pero en realidade, ao longo da súa vida, desempeñaba diversos traballos.

A súa vida laboral comezaba cedo, arredor dos trece anos ou antes, despois de recibir unha instrución moi elemental nunha escola nocturna de pagamento. As familias máis humildes priorizaban a formación dos fillos varóns antes que a das fillas.

Os oficios da muller da mariña

Na Mariña lucense é case descoñecido o rol da muller que se dedicase á pesca no mar. Pero foron moitas as mulleres que, do mar ou dos seus produtos, obtiñan uns ingresos cos que contribuían á economía familiar.

1. Lañar ou curar o peixe

Coa «chona», que era a parte de peixe que lle correspondía a cada mariñeiro unha vez realizada a repartición, a muller dedicábase a lañar (abrir o peixe para sacarlle as tripa) ou curar algunhas especies para así consumir cando o mar non permitía dispoñer de peixe fresco, ou para vender os excedentes.

2. Mariscar

As mariscadoras (tamén chamadas labregas do mar), recollían, nas penas ou nos areais, o produto que quedaban ao descuberto coa baixamar (navallas, percebes, mexillóns..).

Esta práctica foi evolucionando ata converterse nun oficio diario e moi sacrificado, que comeza coa alba, ao aire libre e con auga ata os noelos, e acaba cando se leva o marisco á lonxa para a súa venda.

As mariscadoras tamén se encargan de limpar a praia de algas para que non se asfixie o marisco, ademais de sementar novos bivalvos.

3. Descargar as embarcacións:

Algunhas mulleres contribuían á descarga das embarcacións cando quedaban varadas na praia, por non poder ou non ter lugar naquel momento, a posibilidade de achegarse a un porto ou dársena.

4. Machucar as cascas de pino e salgueiro para tinguir as redes

Algunhas mulleres machucaban as cascas de pino e salgueiro para tinguir as redes, e unha vez machucadas cun mazo de madeira, enchíanse os píos de auga e, cando fervía, botábanse as cascas a cocer.

En Burela chegou a haber cinco píos repartidos por distintos lugares da vila.

5. Vender o peixe

A venda do peixe era outra función exclusivamente feminina. Cando o barco chegaba ao porto, os mariñeiros descargaban as capturas e a muller do armador encargábase de comercializar a pesca capturada.

Aínda que non tivo o seu recoñecemento público, a participación feminina nas actividades marítimas foi incuestionable.

6. Poxar e vender porta a porta

As pescantinas eran mulleres duras que acudían por conta propia á poxa dalgún lote capturado no trasmallo. Rematado o lote, comezaban, a paso rápido e ás veces descalzas e fatigadas, unha peregrinación polas aldeas veciñas para vender ou trocar por produtos agrícolas a súa mercancía.

As mulleres colocaban o lote nunha patela (cesta ou caixa de bordo baixo para transportar e expoñer o peixe), nun carabelo (pequena cesta con asa feita con varas) ou, de ser o caso, valíanse da burra para aliviar a carga que doutra maneira tería que levar na cabeza.

7. Reparar as redes

As atadeiras ou redeiras, que aprendían o oficio dunha muller de máis experiencia, tiñan un dos traballos de máis peso no litoral galego. Baixo o sol do verán ou o frío do inverno, estas mulleres reparaban,con paciencia e delicadeza, as redes rotas.

Se tiñan que coser o aparello do cerco (pesca consistente en facer un círculo coa rede ao redor do peixe), as redeiras facíano no porto ou nun campo próximo, incluso no barco. Pero coas outras artes podían coser na chabola do propio armador ou levar os aparellos ás súas casas, o que lles permitía compaxinar o traballo co coidado dos fillos.

8. Recoller olga

A recollida da olga requiría dun gran esforzo físico, primeiro para baixar coas cestas e despois para subilas, xa cheas, ao ombro.

Coa instalación de almacéns de salga, a muller adquire un novo papel no proceso produtivo, xa que entra a traballar mo empregada e achega un salario directo á economía familiar.

A partir de 1880, as fábricas de salga vanse ver desbancadas polas conserveiras, nas que a principal man de obra tamén era a feminina.

9. Ir á conserva

As traballadoras das conserveiras tiñan sona de traballar con rapidez, con limpeza e eficacia, e ademais adoitaban cantar moi ben.

As fábricas de conserva convértense no sector industrial galego por excelencia (na Mariña Lucense introdúcense a principios do século XX).

Estas mulleres e adolescentes irán substituíndo aos homes en oficios tradicionalmente desempeñados por eles, feito que favorecerá o traballo barato.

A xornada laboral dependía dos períodos de pesca. Normalmente eran oito horas, a xornada partida, pero non era estraño ter que quedar traballando ata altas horas da noite e inclusive os domingos.

Ao principio, o soldo cobrábase cada fin de semana e co paso do tempo acabou por cobrarse a final de mes. As traballadoras eventuais cobraban por día ou por horas.

O gran problema deste tipo de traballo era a súa temporalidade. Por iso, moitas mulleres combinaban o traballo nas conserveiras con outras actividades como o traballo doméstico, o coidado das terras etc. Con todo, nos períodos de auxe, todas as mulleres das vilas costeiras, acudían ás conserveiras.

Na Mariña Lucense, a costeira da anchoa, na primavera, era a que requiría maior número de brazos para traballar. En canto remataba, o número de empregadas decrecía para traballar o bonito. Máis tarde, coa semiconserva do filete de anchoa, aumentaron os meses de ocupación das mulleres de maior confianza.

Unha das causas da elección de man de obra feminina por parte dos empresarios era manter un reducido custo laboral. As mulleres estaban case todas na categoría laboral de xornaleira, un posto eventual desde os que desenvolvían diferentes tarefas relacionadas coa elaboración do peixe na planta de fabricación. ola contra, os homes percibíanse como traballadores estables e axeitados para postos de responsabilidade fronte ás mulleres.

Herminia Pernas Oroza

Cronista de Burela

MULLERES DE PAPEL

A PRESENZA DA MULLER DO MAR NAS FONTES DOCUMENTAIS

A importancia da muller no mundo da pesca é vital, tanto como o maltrato que sofre polos facedores das fontes documentais. Xeralmente, tenden a ser invisibles, a non existir nos documentos e cando aparecen neles o maltrato é indiscutible.

En documentación fiscal de referencia coma o Catastro de Ensenada (1752), aparecen sinaladas como "ignotas", asociadas á figura dun home: *"Pedro Albelo, casado hedad 25 años, tiene a su madre y a su abuela (ignotas)…".*

A muller do común, á vista das fontes, tan so adquire visibilidade cando enviúva. Mentres que dependa do home oficialmente vivirá no anonimato. Mais a presenza da muller do mar tamén está presente no papel e ahora veremos algunhas testemuñas do seu traballo:

Pesca, marisqueo, arranxo do aparello, encascado de redes e como operarias das fábricas de salazón e conserva: *"No son extrañas las mujeres á las mismas faenas de la mar, que no es raro verlas, desaliñadas nereidas, manejar diestramente el remo, guiando diminutas embarcaciones para la recolección del marisco; y aun se las sorprende a veces figurando entre los compañeros de alguna lancha al jeito patroneada por su padre.*

(En las compañías de pesca al volante) …más de una vez cooperan no poco las mujeres, que solícitas atienden á los prolijos cuidados de lavar en agua dulce, repasar y encascar las redes (…) Ellas forman la población principal de las fábricas del fomento, donde unas espichan y embarillan la sardina y la lavan otras, oficios en que alternan, y otras de mayor habilidad están especialmente destinadas a estivarla o acomodarla en los cascos ó barriles (…) en que se exporta.Su salario es el reducido corriente en el país para los jornaleros de este sexo, 50 céntimos de peseta al día; y como la población es mucha no son más productivos otros modos de vivir…".

A descarga do peixe: *"A cielo descubierto, (…) cuando la atmósfera tranquila parece hielo, (…) allí, pegadas á una pared, tiritando de frío, mal arrebujadas en usados pañuelos ó en mantelos, oprimiéndose el corazón las hemos visto infinitas veces aguardar hora tras hora el arribo de las lanchas; y luego cuando éstas atracan, si no hai muelle ó el reflujo de la marea lo ha dejado en seco (…) meterse en la mar para tomar la carga al costado de la embarcación hasta que lles cubre si es acasoel agua la cintura y llega al pecho (…)"*

Compra e venda: *"Yo he presenciado en muchos puertos la venta de pesca (…) se vendía en la misma playa y la compraban mujeres y arrieros, sin más libros ni más cuentas que comprar y pagar o quedarlo a deber".*

Armar o aparello: *"La armadura de las artes de pesca la hacen indistintamente los hombres y las mujeres, pues si bien es la operación es la reservada a los hombres solos en varios puertos de mar, en cambio yo pude observar en otros que las mujeres son las que arman, desarman y componen toda clase de redes, y los hombres, los palangres y demás aparejos de mano".*

Participación na pesca: *"(O envallo) arte de pesca que se usa en algunos puertos de mar del Cantábrico (…) Se larga dejando un chicote en tierra, dando un cerco y halando luego por ambos lados hombres y mujeres, y una vez llegado el arte a la orilla se meten todos al agua, cerrando el bolso y levantando la relinga inferior para que no se escape la pesca".*

Desguace da balea: *"en el despedazamiento de la ballena (…) hai constantemente varias mujeres que lavan en un depósito, con gran cuidado, las láminas córneas que extraen a la ballena al despedazarla, colocándolas luego al sol para secarlas".*

Chema Leal Bóveda

O MAR EN FEMININO

Non é ata finais do S.XVIII e o S.XIX, despois da Revolución Industrial, cando se empeza a incorporar a muller ao mercado laboral remunerado. Pero esa incorporación estivo ateigada de obstáculos e non se produciu de maneira ascendente, senón que houbo importantes retrocesos, motivados, sobre todo, pola gran presión social que consideraba que a dedicación exclusiva da muller ao fogar e á familia era símbolo de prestixio e a súa posición natural.

A dita presión mantívose na sociedade ata ben mediado o S.XX, coa excepción de períodos bélicos nos que a presenza da muller na industria se fixo imprescindible pola ausencia dos homes que estaban no fronte.

A partir dos anos 60/70, os numerosos cambios sociais, económicos e culturais favoreceron a masiva incorporación da muller ao traballo, en numerosos ámbitos, como a educación, sanidade, turismo, función pública ou industria.

Chégase, así, ao final do S.XX coa muller plenamente incorporada ao mercado laboral xa de maneira autónoma e non como complemento ao salario do cabeza de familia. Pero aínda que son incuestionables os grandes logros acadados, é indubidable que falta moito camiño para conseguir a plena igualdade home-muller.

Centrándonos no relativo aos traballos da muller co mar, ocorre, coma noutras industrias, por exemplo, a do calzado, téxtil, tabaco, a litografía sobre conservas, maioritariamente femininas, que nos atopamos con altas taxas de ocultación, nos séculos pasados, desas actividades tras a declaración de "os seus labores" nos rexistros de traballadoras e censos, o que dificulta, enormemente, facer un seguimento da poboación de mulleres que traballaban fóra da casa. Foi habitual, tamén nos traballos do mar, como nas industrias conserveiras, de salgadura, escabeche ou baleeiras levar un sub rexistro da actividade feminina, coa intención de non "afear", así, o papel preponderante do home na economía familiar. Así, mentres os homes do mar eran os grandes heroes que arriscaban a vida saíndo a faenar, a muller quedaba en terra dedicada ao mantemento das artes de pesca, mariscando e facendo malabares para conxugar o traballo fóra da casa co mantemento da vida familiar. A súa achega á economía doméstica fíxose imprescindible dada a inseguridade do oficio da pesca no que as capturas podían variar moito, á estacionalidade da faena e ás familias numerosas dos pescadores.

Na actualidade, redeiras, comerciantas polo miúdo, percebeiras, mariscadoras do berberecho, mexillón e navalla, praceiras, polbeiras, traballadoras do escabeche, salgadura, colectoras de algas, oceanógrafas, biólogas mariñas e guías turísticas únense para loitar contra a discriminación salarial en traballos equivalentes aos desenvolvidos por homes, reivindicando o acceso aos órganos de decisión nas confrarías e, coma patroas, fomentando a igualdade de oportunidades e nas pensións contributivas, en definitiva, loitando polo recoñecemento da súa achega e loitando polo empoderamento das mulleres do sector.

Charo Fernández González